

NORMATIVA SOBRE A CONCESIÓN AOS PROFESORES PREXUBILADOS DE DETERMINADAS PRESTACIÓNS

Os membros da comunidade universitaria mentres se atopan en activo na Universidade de Vigo teñen dereito a beneficiarse de todas as prestacións previstas na lexislación vixente e que estean ofertadas pola universidade.

O cambio de situación administrativa, como consecuencia da xubilación anticipada do profesorado da Universidade de Vigo, orixina que este colectivo sexa privado dunha serie de prestacións que gozaba ata ese momento como membro da comunidade Universitaria.

Coa finalidade de que os beneficios de que gozaba este colectivo non se vexan totalmente suprimidos pola perda da situación de servizo activo, este Consello de Goberno ACORDA:

Primeiro. Que se lles permita manter a tarxeta universitaria a todos os profesores que se prexubilen para que podan seguir beneficiándose das prestacións xenéricas da mesma.

Segundo. Tamén terán dereito a manter unha conta de correo electrónico da universidade na súa condición de profesor.

Terceiro. A concesión destes dereitos terá unha vixencia máxima ata o 31 de decembro do ano no que o profesor que se xubila cumpra 70 anos.

Cuarto. Estes dereitos tamén se lles proporcionarán a todos os profesores que se xubilen con carácter forzoso con anterioridade ao 31 de decembro do ano no que cumpran 70 anos, tendo vixencia ata dita data.

Quinto. Este acordo entrará en vigor no curso académico 2008/2009.

Dilixencia para facer constar que este regulamento foi aprobado na sesión de Consello de Goberno do 8 de outubro de 2008.



A secretaria xeral

Esther M^a González Pillado